

Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Luís Seoane, a Valentín Paz-Andrade do 20/02/1968

Colección:

Data: 20/02/1968

De:

Luís Seoane;

Para:

Valentín Paz-Andrade;

Orixe:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Destino:

Vigo (municipal), Vigo (comarcal), Pontevedra (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada]

Mencionados:

Isaac Díaz Pardo; Valentín Fernández; Laxeiro; Ramón Mourente; Alfonso Paz-Andrade; Rafael J. Portanet Suárez; Pilar Rodríguez de Prada; Maruxa Seoane;

Transcrición da epistola de Luís Seoane, a Valentín Paz-Andrade do 20/02/1968

Buenos Aires, 20 de Febreiro de 1968

Sr. D. Valentín Paz Andrade
Vigo

Querido Valentín:

Recibín a tua carta de 3 de Xaneiro na que me falas do propósito do alcalde de Vigo. Tí e mais Isaac podedes dispoñer das miñas cousas pra isto. Do frigorífico recibín as fotografías mais non me remitiron as medidas. Escribinlles fai tempo e non contestaron. Escribín ao xerente, e, sin as medidas, non podo proieitar nada. Fíxeno ao mesmo tempo que a tí sobor desto. Enviádeme as dimensións das paredes pra poder ir matinando no que teño de facer. Eiquí están programando, os nosos, uns ridículos xogos froraes pra este ano. É cousa de Valentín Fernández. Conviña facer

algo pra evitalo. Vai ser un disparate, cursi e fóra de época. Mais orixinal e popular tería de ser un xuicio de Dios entre Valentín Fernández e Mourente. Penso que si viñesen algunhas cartas ou notas sensatas de ahí resolveríase o problema. Polo demáis todo está o mesmo, os problemas colectivos esquecidos polo vran y eu traballo illado na miña casa. Teño a grande eisposición retrospectiva en Xulio e logo debo facer outra en Lima invitado pola Universidade. En Bonn inauguro no Museo o día 5 de Marzal que remata o 4 de abril. Laxeiro traballa moito cuidando estar nesa nos primeiros días do mes de abril pra expoñer en Biosca. Isto é todo.

Escribe e fai que me remitan as medidas do muro. Agradézoche moito as túas xestiós polos cadros. Unha gran aperta pra Pilar e pra tí e pra Alfonso de Maruja e miña:

[Seoane]

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.